A PLATAFORMA DE INNOVACIÓN SANITARIA

Un espazo colaborativo para conectar **ideas, proxectos e capacidades de I+D+i** e favorecer novas colaboracións en saúde.

01
CONECTAR

A Plataforma permite poñer en relación **ideas e proxectos de innovación** con entidades e axentes de I+D+i interesados en colaborar.

02
COLABORAR

Unha idea pode necesitar coñecemento, capacidades, tecnoloxía, experiencia ou socios para avanzar. A Plataforma facilita o encontro entre axentes con intereses complementarios.

03
DESENVOLVER

Cando existe interese e encaixe, os axentes poden contactar, explorar posibilidades de colaboración e acordar como avanzar no desenvolvemento da idea ou proxecto.

QUE É A PLATAFORMA?

A Plataforma de Innovación Sanitaria é unha canle da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, xestionada pola Axencia Galega de Coñecemento en Saúde, que facilita a conexión entre persoas, entidades e proxectos interesados en impulsar innovación no ámbito sanitario.

A Plataforma nace cun enfoque de **innovación aberta e colaboración**, creando un espazo no que profesionais, pacientes, coidadores, empresas, centros de coñecemento e outros axentes do ecosistema poden compartir ideas, proxectos e capacidades.

DA IDEA Á COLABORACIÓN

Unha idea ou un proxecto pode necesitar coñecemento, tecnoloxía, experiencia ou capacidades complementarias para avanzar.

A Plataforma facilita o **matchmaking entre ideas e proxectos de innovación e posibles axentes de I+D+i** interesados en colaborar no seu desenvolvemento.

CONTIDOS RELACIONADOS

Contacto

A conexión pode producirse con entidades de Galicia, Portugal, do resto de España ou con outros axentes que poidan achegar capacidades relevantes.

IDEA / PROXECTO → MATCHMAKING → AXENTES DE I+D+i → COLABORAC

UN ESPAZO PARA CONECTAR

A través da Plataforma, os diferentes axentes poden:

- **Compartir ideas e proxectos:** presentar propostas de innovación e darlles visibilidade dentro do ecosistema.
- **Mostrar capacidades:** dar a coñecer coñecemento, tecnoloxías, experiencia e capacidades que poidan resultar de interese para outros axentes.
- **Atopar colaboradores:** identificar persoas e entidades con intereses ou capacidades complementarias.
- **Explorar novas colaboracións:** poñerse en contacto e valorar conxuntamente posibles vías de colaboración para desenvolver ideas e proxectos.

COMO FUNCIONA?

01
COMPARTE
Unha persoa ou entidade presenta unha idea, proxecto ou capacidade.

02
CONECTA
A Plataforma facilita a visibilidade e a conexión con outros axentes potencialmente interesados.

03
COLABORA
As partes interesadas contactan, coñecen as súas capacidades e exploran posibles vías de colaboración.

04
DESENVOLVE
Se existe encaixe e interese, os propios axentes acordan como avanzar no desenvolvemento da idea ou proxecto.

E QUE PAPEL TEÑEN OS NODOS?

A Rede de Nodos de Innovación constitúe unha estrutura diferenciada dentro do ecosistema da Plataforma. Os Nodos **validan as ideas presentadas e determinan a súa publicación na Plataforma**.

Coñece a Rede de Nodos →